



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE SETEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1827/2009.- MERCEDES RICO MUNIN. Construción de vivenda unifamiliar na rúa das Peniñas, 2.

LIC/35/2011.- MANUEL ARES ROSENDE. Construción auxiliar destinada a almacén de apeiros e maquinaria agrícola.

PARCELACIÓNS

LIC/1140/2011.- AGUSTIN VAZQUEZ ILLODO. Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Folgoso, 9. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1645/2011.- EMILIO OTERO FERNANDEZ LIC/744/2009 1.500 €.

LIC/1277/2011.- SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA A MUIÑA LIC/329/20103.000 €.

OCiHR

LICENZAS DE OBRA.-

LIC/1952/2010.- D. JULIO BLANCO GARCÍA.- Construción de vivenda unifamiliar na rúa Pexigo de Abaixo nº 3..

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axuda de carácter social.

Apróbase unha axuda por importe de 564 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase unha axuda para elementos especiais de madeira por importe de 1.646 euros; o pagamento doutras tres axudas para elementos especiais de madeira por importe de 10.626,31 euros; e a aprobación dunha axuda para execución de obra por importe de 1.501,99 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva da axuda para diversas vivendas da Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico, fase 11, do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o concello de Santiago. Anualidade 2011.

Apróbanse definitivamente 14 axudas por un importe global de 40.903,32 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

Acórdase a inscrición no devandito rexistro da empresa Nova Aseconia S. Coop. Galega.

9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recurso interposto contra as bases e convocatoria de prazas da Policía Local.

Desestímase o recurso.

10.- Declaración non utilizables vehículos do concello e autorización o seu tratamento como RSU.

Decláranse como efectos non utilizables catro vehículos para o seu tratamento como residuos sólidos urbanos.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación de gastos de mantemento de instalacións deportivas.

Apróbase un gasto de 17.000 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación da xustificación do convenio asinado co Ateneo de Santiago.

Apróbase o pagamento da subvención de 1.700 euros contemplada no devandito convenio.

13.- Aprobación do proxecto de modificación ordenanza fiscal 3.10 "Taxa pola apertura de establecementos".

Apróbase a devandita taxa.

14.- Sinalamento de festivos locais para 2012.

Sínálanse como festivos locais o 19 de marzo, San Xosé, e o 16 de agosto, San Roque.

15.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á deixar sen efecto o acordo nº 11 adoptado por esta Xunta de Goberno Local na sesión de 26.12.2006.

Déixase sen efecto o devandito acordo polo que se cambiaba o uso do piso da rúa Roma para acoller un "proxecto de unidade formativa de intervención familiar". Agora queda novamente a disposición do "proxecto de acollemento temporal en vivendas municipais".

17.- Proposta da alcaldía relativa á designación dun representante do Concello no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Desígnase á concelleira Cecilia Sierra.

18.- Proposta da alcaldía relativa á designación dun representante do Concello na Fundación Down Compostela.

Desígnase á concelleira Paula Prado.

19.- Proposta da alcaldía relativa á designación dun representante do Concello no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Desígnase ao concelleiro Ángel Currás.

20.- Proposta da alcaldía relativa á designación dun representante do Concello na Xunta de Dirección do Xardín Botánico.

Desígnase á concelleira María Castelao.

21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á adxudicación dunha operación de tesourería.

Adxudícase a operación de tesourería por importe de 4.000.000 de euros á entidade BBVA de acordo coa oferta económica presentada: un tipo de xuro do 3,98% cunha liquidación de xuros ao vencemento da póliza por importe de 28.350,68 euros.

22.- Dar conta da aprobación pola Deputación Provincial da Coruña da documentación presentada para o pago do 1º prazo da subvención nominativa concedida para financiar o sostemento de catro centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2010.

Dáse conta da aprobación da devandita documentación e do aboamento do primeiro prazo por importe de 84.000 euros.

Urxencia

1.- Dáse conta da solicitude dunha subvención para a contratación de dous axentes de emprego no departamento de Traballo.